

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 19 DE NOVEMBRO DE 2020

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogo de AV

Único. No pleno do mes de outubro o concelleiro de Patrimonio, ante a petición deste grupo municipal de dinamizar e dar máis visibilidade ás rutas coas que contamos no concello, a resposta do concelleiro foi que a información destas pódese atopar na páxina web municipal.

Fixemos unha revisión dela e como se observa na imaxe captada o día 16 de novembro, non se dispón de información para facer as rutas, senón só dunha pequena descrición.

Polo que rogamos a súa actualización con información detallada dos roteiros que transcorren polo municipio.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio acepta o rogo e manifesta que xa está emendado.

Preguntas do PP

1ª Nos últimos días, vimos como a Xunta de Galicia comunicaba a concesión dun taller de emprego aos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras, Paderne e Sada a través da Reserva da Biosfera. Proxecto que, ademais de formar a desempregados en materia forestal (ámbito no que aprecia un gran déficit de persoal cualificado), ofrece incentivos ás empresas do territorio para a contratación do alumnado e inclúe actuacións de interese veciñal nos municipios participantes, como traballos de reboación, mellora e valorización de fincas forestais, limpeza de camiños e conservación de zonas verdes.

Ante a ausencia de Cambre no dito proxecto, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico cal é o motivo ou motivos polos que o noso concello non participou no dito proxecto ou similar, destinado á formación de persoas en desemprego nesta materia.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, explica que a concesión a eses concellos compártese, son 20 prazas para todos eles. Fano así porque non teñen a capacidade para ter un obradoiro propio, nin puntuación suficiente.

Conclúe que o Concello de Cambre ten o seu propio obradoiro por capacidade e por ter unha puntuación moi alta.

2ª - 3ª e 4ª Á vista da existencia de diversos procesos de selección existentes no noso concello, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente en materia de recursos humanos por:

- Procesos selectivos levados a cabo nos últimos meses
- Fase na que se atopa cada un deles
- Previsión de apertura de novos procesos selectivos nos vindeiros meses

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos,

contesta que, dado que non definen dende cando queren esta información, vaise centrar nos últimos 3 meses.

Informa que saíu o concurso oposición de técnico/a de xestión económico-financeira interino/a, cuxo resultado final se publicou o día 17 de novembro. Tamén o concurso para a selección dun/ha graduado/a social interino/a, que tomou posesión onte. E está en marcha o concurso para a selección dun/ha técnico/a de orientación laboral interino/a, pendente da publicación da lista definitiva de admitidos.

En breve vaise publicar un concurso para outro técnico/a de xestión económico-financeira, e tamén está previsto convocar proximamente a praza vacante de bibliotecario/a-arquiveiro/a interino/a, así como dous concursos para sacar listas para nomeamentos interinos de administrativos e conserxes.

5ª Nos últimos días tivemos coñecemento da convocatoria para declarar ante a maxistrada do Xulgado de Instrución número 7 da Coruña, entre outros, do concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, nas dilixencias previas abertas a instancias da Fiscalía da Coruña respecto do procedemento de construción do pavillón polideportivo de Anceis, declaración na que, necesariamente, deberán contarse cos servizos profesionais de letrado e procurador, respecto dos cales, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente en materia de contratación:

- Se dende o Concello de Cambre se contrataron os servizos dos citados profesionais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non.

6ª Se é intención deste Goberno municipal de Cambre que a dita representación e defensa sexa sufragada con cargo ás arcas públicas municipais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que se estudará unha vez remate o procedemento.

Preguntas de AV

1ª Temos pendente unha solicitude que fixemos por escrito o pasado 29 de setembro á cal aínda non recibimos contestación. O escrito solicitaba información sobre que aforro supuxo ter pechada a biblioteca municipal de Cambre dende o mes de decembro 2019 ata a apertura. Pregunta que repetimos nesta comisión informativa.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que na biblioteca non houbo ningún aforro, xa que se fixo a nova biblioteca. En canto ás actividades que se facían alí, fixéronse no salón de sesións da casa do concello.

2ª Son diferentes as medidas que dende o departamento da ADL se están a tomar para intentar paliar as consecuencias da situación sanitaria. Fálase moito da hostalaría, pero dende o grupo municipal Alternativa dos Veciños preguntámonos se se están a tomar medidas específicas (do mesmo xeito que se retiraron as taxas para as terrazas na hostalaría, por exemplo) para apoiar ao sector sociocultural e deportivo.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que se articularon tres liñas de subvencións para apoiar ao tecido empresarial de Cambre. Unha a subvención Consolida Cambre, dotada cun orzamento de 200.000 euros, que entre outros vai dirixida ao sector sociocultural e deportivo.

Unha segunda subvención para asociacións de empresarios do municipio, dotada cun orzamento de 90.000 euros, da que de xeito indirecto tamén se beneficiarán as empresas relacionadas coas actividades ás que se fai referencia.

E, en terceiro lugar, a subvención PEL Reactiva, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, dotada cun orzamento de 342.435,14 euros, e que vai dirixida aos mesmos beneficiarios que o Consolida Cambre.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º Nos últimos días, veciños e transeúntes da contorna da urbanización “Os Castros do Bosque”, en Cecebre, trasládannos a súa inxuedanza polo estado de inclinación que presenta, dende hai tempo, un dos farois de grandes dimensións que se atopa no lugar.

Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, a inclinación que presenta o dito farol é considerable, constituíndo un auténtico risco de caída, máxime coa chegada do inverno e os presumibles ventos e choivas fortes.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se interese que se adopten, con urxencia, as medidas necesarias para enderezar o dito farol.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que é unha responsabilidade patrimonial, por un camión, e di que non hai risco de caída. En todo caso, vaise cambiar, o tema está en contratación, xa que se incluíron báculos novos. E no que se refire á responsabilidade patrimonial, é un procedemento que seguirá o seu curso separadamente.

2º O Consorcio das Mariñas acaba de licitar a posta en marcha dun espazo de intercambio gratuíto de obxectos e utensilios en cinco puntos limpos dos concellos adheridos de Bergondo, Betanzos, Culleredo, Oleiros e Sada, entre os que, como se ve, non se atopa Cambre.

Trátase dunha iniciativa que ademais de conceder unha segunda vida a moitos dos elementos cotiáns nos nosos fogares, permite o acceso a eles daquelas persoas interesadas en entregar ou recibir os ditos obxectos, ademais de reducir lixo ou elementos difíciles de reciclar.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se interesa ao equipo de goberno que, tras o seu estudo, o noso concello se adhira ao dito programa/convenio.

O señor alcalde contesta que ese tema está sacado dunha noticia da prensa, non o sacou o Consorcio das Mariñas, polo que non hai que adherirse a nada.

Explica que Cambre terá as mesmas condicións que o resto dos puntos limpos, e o Consorcio sacará unha nota. A única diferenza é que Cambre, Carral e Abegondo terán un espazo menor, con contedores máis pequenos, pero o servizo é o mesmo.

3º Á vista do deficiente estado no que se atopa o pavimento da calzada do Paseo Marítimo do Temple, que persiste tralo rogo presentado o pasado mes de outubro, desde o Grupo Municipal Popular reitérase que polo concelleiro competente se adopten as medidas que sexan necesarias para o seu correcto asfaltado, necesario tal e como se aprecia na fotografía que se achega.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que a empresa é Candal, que está facendo a obra ao lado do Concello. Farano a vindeira semana.

Rogos de AV

1º Nestes días son moitos e moitas veciños e veciñas que nos achegan as súas queixas enviándonos fotografías polo estado no que está a quedar o paseo do río Mero.

Rogamos que se esixa á empresa adxudicataria que resolva diferentes incidencias provocadas polo uso de maquinaria pesada.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, explica que hoxe tiveron unha reunión coa empresa e a maioría están nas zonas de mota. Di que este ano o convenio asinouse tarde e que se verá con carácter máis xeral para o ano que vén.

2º Dadas as noticias que chegan do control da superpoboación de pombas que se vai a desenvolver dende o concello, boa noticia que achegaron os veciños e veciñas que no seu día nos deron as protestas:

Rogamos se tomen tamén medidas de control das colonias felinas existentes no municipio.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo.

Preguntas do PP

1ª-2ª-3ª Nestes últimos días vimos como na marquesiña situada na parada de autobús da Casa das Palmeiras, no Temple, estiveronse realizando labores de mantemento e limpeza (tal e como se aprecia na fotografía que se achega). Labores cuxa necesidade xa fora posta de manifesto por este grupo municipal en diversas ocasións.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte á concelleira competente:

- Que actuacións se levaron a cabo na dita marquesiña?
- Que empresa ou servizo levou a cabo os ditos labores?
- Que previsión existe para realizar labores de limpeza e mantemento no resto de marquesiñas existentes no noso municipio?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que finalizou a limpeza de graffitis e canlóns, colocouse o sistema ARGB (como o das luces do Paraugas), cambiáronse canlóns rotos, levouse a cabo o mantemento das madeiras e colocáronse focos proxectados para iluminación do parque infantil.

As empresas encargadas son Xalo, Limpezas Xerais e Instelec.

Queda pendente a carpintería. A previsión que existe no resto de marquesiñas é que sacarán un contrato de

mantemento e reparación de marquesiñas para o vindeiro ano.

4ª Nos últimos meses o Grupo Municipal Popular interesouse polo estado no que se atopan os farois do Paseo Marítimo do Temple, no que varios dos seus elementos continúan estando torcidos e con risco de caída ou con fallos nas luminarias, que non acenden ao escurecer.

Transcorrido un mes desde o último rogo ao respecto, e observando subsistentes os problemas advertidos, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase polas xestións realizadas para resolver os ditos problemas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, expón que esta pregunta quedou contestada por escrito no pleno do mes pasado. A ese farol pásalle o mesmo que ao outro, en cambio, un pouco máis adiante, hai un á dereita que si ten risco de caer.

5ª Á vista da contestación realizada desde a Demarcación de Estradas do Estado, no que ademais dos erros e inexactitudes respecto dos cadros de velocidades máximas permitidas nos tramos advertidos polos veciños de Altamira, a dita Demarcación "*cre convinte manter os límites de velocidade actuais*", cando se aprecia claramente polas fotografías que se achegan as limitacións a 70 e menos km de velocidade; a carencia de beirarrúas e o beiravías inferior a 1,5 metros; dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente, que vai facer o noso concello trala dita contestación da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia persistindo os problemas de seguridade viaria advertidos polos veciños de Altamira.

O señor alcalde informa que se contestará por escrito.

6ª Á vista da contestación levada a cabo polo concelleiro de Urbanismo no pleno ordinario do pasado mes de outubro respecto do anuncio no *Boletín Oficial do Estado* da Dirección Xeral de Aviación Civil, polo que se somete a información pública a delimitación das servidumes aeronáuticas acústicas do aeroporto da Coruña, o Real decreto e o Plan de acción asociado e a súa afección á parroquia do Temple, a máis densamente poboada do noso municipio, desde o Grupo Municipal Popular, á vista da importancia que reviste para o noso municipio, pregúntase ao concelleiro competente polos trámites e publicidade realizados ao respecto desde o noso concello desde o pasado mes de outubro.

O señor alcalde informa que se contestará por escrito.

Preguntas de AV

1ª A través da prensa chegan noticias de diferentes concellos onde se fala da pouca organización e incluso descoñecemento de como afrontar as sancións por Covid. Como se está a xestionar dende o Concello de Cambre?

O señor alcalde contesta que se está pendente de asinar un convenio entre a Fegamp e a Xunta de Galicia para ter un único criterio.

2ª Chégannos varias queixas da veciñanza que di que non se ve moita presenza policial, a pesar das medidas restritivas ás que hai que dar cumprimento.

Polo que dende Alternativa dos Veciños preguntamos se o departamento de Policía de Cambre está a cumprir as ratios estipuladas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que non, que non se cumpre en ningún concello, nin antes nin agora, pero que iso non quere dicir que non se cumpra coas patrullas que ten que haber. O servizo cúmprese sobrado.

3ª Dadas as últimas noticias en prensa falando sobre a realidade dos plan xerais de urbanismo dos diferentes concellos da contorna, e posto que dende o mes de xuño non hai novidades sobre avances no documento.

Preguntamos cal é a previsión de avances cara ao plan xeral (seguintes pasos a dar, previsión de datas, etc.).

O señor alcalde informa que contestará por escrito o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos do PP

1º Á vista do malestar e inquedanza xerado entre os pais, docentes e alumnos do colexio Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, o máis grande do noso municipio, no que desde o inicio do curso escolar o pasado mes de setembro non conta cun conserxe, imposibilitando así o correcto cumprimento dos protocolos anticovid neste ano de pandemia; desde o Grupo Municipal Popular interésase do equipo de goberno que se proceda de forma urxente a cubrir a praza de conserxe do dito centro educativo.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que xa está solucionado.

Dona María Jesús González Roel, do PP, di que si, pero que non todo o horario.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, explica que o horario está consensuado coa directora do centro. Cubre as entradas de 8 a 10, sae dúas horas e volve de 12 a 14.30 horas.

2º Admitido o pasado mes de outubro o rogo presentado por este grupo municipal respecto da colocación de cartelería anunciadora, entre outros lugares, nos parques biosaudables do noso municipio, na que se informara aos seus usuarios sobre a mellor utilización dos seus elementos para evitar contaxios nestes tempos de pandemia, esta segue sen ser colocada.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese do equipo de goberno que se coloque á maior brevidade posible.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que non se acepta o rogo, pois desde o mes de outubro levan colocando tres veces os carteis, segundo as modificacións da Xunta, e dá lectura á última modificación da Xunta, que inclúe aos parques biosaudables. Di que non coñecen outro protocolo para estes lugares que o da Xunta.

Conclúe dicindo que consideran que se cumpre co rogo que fixeron no mes de outubro e, polo tanto, non aceptan este rogo.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, manifesta que non viu os carteis. Os bambáns teñen unha cinta para que non se suba ninguén e a xente segue a utilizarlos. Cre que se houbera un cartel a xente non os utilizaría. O que si é certo é que se fumigan todas as mañás.

Don Daniel Mallo Castro amosa unha foto sacada da cartelería colocada e manifesta que cumpriron co protocolo marcado pola Xunta. A cartelería está.

Rogos de AV

1º Sobre a campaña en negro, o pasado ano investiuse en *merchandising* e, novamente, este ano a traxectoria da campaña ten a mesma natureza.

Dado que a campaña se leva facendo varios anos, entendemos que moitos dos comerciantes e clubs que participan na súa visualización teñen material para facer a campaña sen ter que investir cada ano en *merchandising*.

Dende Alternativa confiamos que para facer un verdadeiro impacto de futuro hai que traballar coas xeracións máis novas dun xeito activo dende as administracións.

Polo tanto, rogamos que se destine unha partida económica á creación dun programa de educación en “non violencia” dirixido aos máis pequenos do municipio.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira de Benestar Social, non recolle o rogo, pois di que non teñen competencia municipal. Están adheridos a Cambre en Negro dende o 2017, e dende o equipo de goberno trabállase de forma transversal nesa liña, así, ademais das actividades que houbo o ano pasado, tamén dende as dúas concellerías se trata de que estea o enfoque da violencia de xénero.

Di que vai haber unha partida na que para as actividades cos grupos vaia incluído este tema. O *merchandising* está dentro dunha campaña á que están adheridos, así como tamén a Deputación. Si é certo que as actividades do ano pasado eran máis ben para os institutos, non para os nenos porque iso é máis difícil.

Dona Sandra Sánchez Vieites, de AV, manifesta que non dubida da campaña, pero dentro desa campaña o *merchandising* si ten custo, pero no Plan de igualdade municipal hai un punto que se inclúe, entón ao mellor non hai competencias para poñer unha clase nos centros educativos, pero tamén pode ser para outras actividades.

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez expón que dende a Omix si se traballa en actividades dende hai anos, é moito máis do que se ve, por exemplo no Rock in Cambre houbo unha charla sobre a muller no rock, etc.

2º Consultando as respostas da concelleira de Cultura no pleno de outubro, sobre a información da situación dos centros socioculturais parroquiais na páxina web, non dimos encontrado o dito contido. Nin información sobre eles ou como poden facer uso deles os/as veciños/as.

Polo que rogamos se dea maior visibilidade aos ditos centros, como ben solicitamos no pleno.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, recolle o rogo. Explica que o uso dos locais está na ordenanza municipal que está na páxina web, pero estase traballando nunha nova ordenanza.

Pregunta do PP

Única. Con data 6 de agosto de 2019, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, ditou a orde pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de

emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e procédese á súa convocatoria para os anos 2019 a 2021, cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 (código de procedemento BS623C).

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se requira da concelleira competente que se informe se por parte do noso concello se solicitou no seu día e tramitou a subvención prevista na dita orde da Consellería de Política Social, coa que recabar fondos para programas de emerxencia e inclusión social.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que si. Solicitáronse dúas liñas de subvención e recibiron a notificación da concesión o 31 de outubro de 2019. Na páxina web aparecen o proxecto Píllara e o proxecto Prisma, que foron publicados na web o 19 de febreiro de 2020 e 11 de marzo de 2020.

Pregunta de AV

Única. No mes de maio, cando solicitamos información sobre os orzamentos a dirixir a Servizos Sociais para paliar os efectos da situación sanitaria, informáronnos que inicialmente non se ía inxectar ningunha cantidade, posto que chegou a axuda do POS da Deputación para isto. Tamén concluíron que ían revisar cada 3 meses para estudar e analizar se o Departamento de Servizos Sociais precisaba de maiores orzamentos. Hai algunha novidade respecto deste tema?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que non hai novidades.